

Eduardo Estévez gaña o González Garcés con “Construcións”

O escritor dirixe os obradoiros literarios de Fene e das Pontes


O poeta Eduardo Estévez obtivo a décimo cuarta edición do premio de poesía González Garcés, que convoca a Deputación da Coruña. Fíxoo coa obra “Construcións”, presentada baixo o lema “Ramón Caaveiro”. Estévez xa obtivera o accésit deste galardón en 1997.

REDACCIÓN > FERROL

■ O xurado valorou “a contemporaneidade da súa escrita e a aposta do autor pola renovación da nosa tradición estética” á hora de decidir o premio de entre os 55 orixinais que se presentaron ó certame. Tamén se referiron ó dar onte a coñecer o resultado da deliberación á “líña de construción expresiva” da obra, “na que se pode advertir unha proximidade do cotián”.

Eduardo Estévez obtén un premio en metálico de 6.500 euros, así como a edición de 1.500 exemplares por parte da Deputación.

O xurado estivo presidido por Salvador Fernández Moreda e integrado pola deputada responsable da área de Cultura, Caridad González Cerviño, así como polos poetas Manuel Álvarez Torneiro,



Eduardo Estévez, a pasada semana, no Toxos

Manuel Fernández Álvarez, Gonzalo Navaza Blanco, Luz Pozo Garza e Remedios Fernández Romero (Medos Romero), gañadora da anterior edición –convócase cada dous anos–.

O presidente da Deputación, Fernández Moreda, destacou onte a importancia do premio, que cualificou como un dos máis importantes galardóns poéticos de Galicia. Ademais subliñou a colección de extraordinaria calidade que se está a crear cos gañadores e os fi-

nalistas de cada convocatoria. Entre eles figuran nomes como os de Miguel Anxo Fernán Vello, Manuel Álvarez Torneiro, Estevo Creus, Román Raña, Xulio López Valcárcel ou Xosé María Álvarez Cáccamo.

Na última edición o premio tocou Ferrolterra por partida dobre xa que a gañadora foi a ponteña Medos Romero e o accésit correspondeulle ó mugardeño Lino Braxe. Agora, aínda que de refilón, volve ter presenza a zona xa que Eduardo Estévez dirixe desde hai anos o Obradorio Literario de Fene e tamén o das Pontes.

De feito, a semana pasada presentábase en Ferrol o poemario “A sombra das queirogas”, de Dulce María López Rivera, o primeiro que se publica dun dos seus alumnos.

Estévez naceu en Bos Aires e ten publicados varios libros en castelán e en galego tanto en solitario como dentro de diversas antoloxías. Foi membro do consello editorial de Letras de Cal e de Retagarda Edicións e ten un amplo traballo como tradutor.